

A PINTURA: UN CUARTO PROPIO

Non hai barreira, pechadura nin ferrollo que poidas
impoñer á liberdade da miña mente.

Virginia Woolf

Pode alguén, acaso, ficar inmóbil ao contemplar como o seu propio ser accede ao lugar que o acolle, ese que é tamén o espazo de onde partirá? Que intimidade se desprega ou contrae en contacto con esa espiral do tempo onde se entrelazan pasado, presente e futuro? Que voces, ou que silencio, nos abrirán a fiestra para o voo? Que dor fundamente aniñada quixera romper a súa seda intacta? Que resonancia fai vibrar as cordas que nin sequera sabiamos que nos enmudecían?

Non hai aquí respostas senón un convite irrenunciable á experiencia propia. E cando dicimos *aquí* estamos a referirnos á pintura de Chelo Rodríguez, a artista que decide internarse no seu propio cuarto para poñer orde nese caos propio de toda conciencia que se rebela contra as circunstancias e os elementos que lle impiden ser. Porque ser é un estar sendo, un proceso creativo que compromete a existencia toda e precisa tanto de horizontes para se proxectar e evoluir como do coñecemento de si mesma. Neste senso, e alén de por unha evidente necesidade expresiva, Chelo Rodríguez elixiu a pintura como esoutro cuarto ilimitado onde radicarse, pois ben sabe ela que a arte é o lugar libertario e privilexiado de todas as metamorfoses.

En efecto, coidamos que non hai obra artística que non se alicerce nesa deliberada disposición do suxeito que a realiza para superar atrancos de moi diversa índole: existenciais, intelectuais, técnicos, etc. Unha loita esta que, en grande medida, libera a enerxía que nos atrapa e nos envolve non como evidencia das dificultades resoltas ou como residuo senón como respiración. E, quizais, haberá que salientar que nos estamos a referir deste xeito a ese tipo de obra orixinal que Walrer Benjamin entendía dotada con aura e da que Jean Baudrillard sente nostalxia por considerar que a arte da era tecnolóxica é unha sorte de esquezo da ilusión estética. Así o sinala a profesora Mónica Uribe Flores para quen, asemade, a existencia do mundo da obra é real só en tanto que ilusión:

“La experiencia estética es la conmoción ante lo ausente, configurado en el mundo poético irrepetible e irresistible que es la obra de arte. Estamos ante la ilusión que nos despierta no frente al vacío, sí ante la ausencia. Una ausencia, no obstante, provocadora que no engaña prometiendo mundos mejores ni recupera tiempos perdidos. Ausencia que se impone, como se impone a su manera la vida, con sus propias formas de ausencia”.

Polo tanto, ao noso entender, a obra máis actual de Chelo Rodríguez, artista nada e residente no concello pontevedrés do Porriño, garda relación con esa arte que devén do oficio dunha man dirixida polo talento e pola intención estética e que, sobre o lenzo, confronta a realidade creando unha nova forma de vida. Unha forma autónoma que, malia representar mimeticamente obxectos e arquitecturas, non quere ser de ningún modo un substituto do real senón un espazo simbólico para a imaxinación e o encontro. Trátase de atopármonos co que non se ve e porén existe grazas ao que vemos. Así, cada cadro é unha metáfora, unha obra en movemento que nos traslada aos seus múltiples significados. Composicións abertas que, en definición de Umberto Eco, “son obras non acabadas que o autor parece

entregar ao intérprete máis ou menos como pezas dun mecano, desinteresándose aparentemente de onde irán parar as cousas”. Mais, en que sentido, de que xeito, son inacabadas, e xa que logo abertas, estas obras de Chelo Rodríguez?

Dende os seus inicios pictóricos, a artista vén realizando un traxecto significativo de fóra a dentro que parte dunha primeira etapa caracterizada polas fortes impresións da luz, unha vigorosa expresividade da cor e a presenza de atmosferas difusas -paisaxes, bodegóns, retratos-, así como a pegada exótica que na súa pintura foron deixando as viaxes por diferentes lugares do mundo. Viría despois unha clara preferencia polo enfoque que se centra no obxecto, sobre todo en pezas que forman parte de series (caso dos manequíns) ou de determinados xogos: xadrez, dominó, bilros, billar, golf... Neste punto, aínda previo á etapa que analizamos, a pintura faise moito máis realista e mesmo semella que puidesemos tocar esas bólas ou ese cabalo en agarda de avanzar polo taboleiro. A habelencia de Chelo na técnica do óleo conférelle ás figuras -a través dun tratamento impecable da textura, do brillo ou da cor- verosimilitude e unha sólida presenza. Non obstante esta presenza, o interese do cadro radica máis nunha composición que distribúe os elementos de maneira que o conxunto está a nos dicir algo que vai máis aló do evidente: aparecen así relacións dialécticas entre a norma e o azar, entre o estatismo e o movemento, entre o fóra e o dentro, entre realidade e ilusión... Unha riqueza semántica que se abre a unha maior complexidade nas obras máis recentes e que poboan este libro.

Agora o espazo representado é sobre todo o interior da casa. Un ámbito demarcado que se nos ofrece con total concreción e que xamais é o lugar central ou de convivencia do fogar. Máis ben son ámbitos apartados como recunchos, lugares de paso ou máis íntimos habitáculos, cáseque sempre baleirados de ornamentos e mobiliario. Só un elemento se repite: a cadeira. Cadeiras soas ou en difícil equilibrio con outras. Butacas que nos remiten a tempos pasados ou coas vísceras de fóra en espera da súa renovación. Cadeiras ergonómicas ou de último deseño. Cadeiras humildes, sinxelas e outras tan coquetas que exhiben sen pudor a intensa vibración do verde ou do vermello. Cadeiras rotas tiradas polo chan e outras espidas ou en construción. Cadeiras reflectidas nun espello ou a contemplaren un cadro. Cadeiras, en todo caso, que nos convidan a entrar e apousar coma se nos estivesen esperando. Unha invitación a habitar ese aparte do tempo, ese silencio, esa quietude só interrompida polo ritmo dos motivos xeométricos que estampan, ás veces, o solo e os zócalos con vistosas cores. Tempo para recollerse e meditar ao abeiro dunha luz interior, adoito visitada por outra exterior que vén iluminar, tenue e calidamente, a estancia. Tempo de soñar e protexer os soños tan necesarios para vivir como para crear. Neste senso revélanos Gastón Bachelard: “Hai que dicir, pois, como habitamos o noso espazo vital de acordo con todas as dialécticas da vida, como enraizamos, de día en día, nun recuncho do mundo”.

E a ese seu “recuncho do mundo” lévanos da súa man de artista Chelo, nomeadamente a través da cadeira. Esta axiña deixa de ser unicamente un moble apto para nos acoller e adquire, como é doado experimentar, enerxías físicas e psíquicas dun corpo humano, do noso propio, do noso ser xa así conectado ao adentro, ao que non é visible e, porén, proxectamos. Deste modo é como remata a obra quen a contempla. Creando infinitas obras, vivindo ilimitadas experiencias estéticas nas que afloran emocións novas ou agochadas nas máis fondas entreteas do esquezo como din aqueles versos de J. L. Borges:

Si para todo hay término y hay tasa
y última vez y nunca más y olvido
¿quién nos dirá de quién, en esta casa,
sin saberlo, nos hemos despedido?

A última obra de Chelo é tamén, neste sentido, un indagar no subconsciente Aspectos como a colocación da

cadeira, ás veces desequilibrando a propósito a composición do cadro, ou a presenza de certos elementos, como as ferramentas de tapicería, son ingredientes simbólicos que operan na nosa conciencia a niveis moi profundos. En calquera caso, e tendo en conta que a creación artística se realiza sempre no difícil equilibrio entre o racional e o irracional (entre o programado e o imprevisto) e que igualmente quen contempla a obra se sente atinxido neses mesmos termos, a artista encamiña sempre en grande medida a dirección da nosa experiencia estética como espectadores. Así, percibimos nestas obras unha especial intencionalidade significativa a respecto da loita da muller por liberarse das ataduras que historicamente lle veñen sendo impostas por un sistema patriarcal que se resiste a desaparecer e para o que aínda, en boa parte, o feminino é esa cadeira pendurada dunha percha. Contra este rol rebélase Chelo Rodríguez e faino en absoluta simbiose de vida e creación ata o punto de que a pintura vaille ser ese necesario “cuarto propio” que tan ben nos definiu Virginia Woolf, e que, ao cabo, representa a autonomía e o proceso de aprendizaxe e invención. Un proceso existencial e estético que Chelo leva adiante sen impostacións e sendo sempre fiel a si mesma, ao seu propio sentir e aos seus propios tempos. Así investiga e experimenta sen seguir tendencias ou modelos alleos e de aí nace a súa autenticidade e a orixinal achega do seu traballo. Xa que logo intuimos que ela mesma é a súa obra en construción porque algo así se nos quere insinuar nese diálogo “metapictórico” que ás veces habita os seus cadros: unha obra a conter outra que, sendo autorreferencial, se amosa estilisticamente diferente. Tamén así dentro de cada unha de nós hai outra e outra máis que a miúdo pugnan por saír. Cremos, ou queremos albiscar, que eses cadros que penduran co lenzo en branco ou cunha cadeira a penas bosquexada nas límpidas paredes destes “recunchos do ser”, son fiestras polas que está xa a saír voando esta magnífica artista ao xeito dunha ave poderosa ou dese seu riso, xeneroso e sonoro, que sempre nos recibe e agasalla.

Porque seguramente remontar o voo é a verdadeira vocación de toda arte, a súa íntima alegría.

Eva Veiga